

TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS
Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia
Historia dos bens arqueolóxicos III
Departamento: Historia, valoración e clasificación dos bens culturais

Obrigatoria da especialidade	Curso: 4º arqueoloxía	1º Cuadrimestre	4 ECTS
-------------------------------------	------------------------------	------------------------	---------------

Teórica
Profesor: Álvaro R. Arizaga Castro
arizaga@edu.xunta.gal
Horario: 3 horas semanais
DESCRICIÓN DA MATERIA

Historia dos bens culturais arqueolóxicos, dende o punto de vista das súas características tipolóxicas, formais, técnicas e culturais. Metodoloxía de análise para a interpretación do ben cultural dende un enfoque teórico-práctico. Coñecemento dos principais repertorios. Pautas para a elaboración de informes histórico-artísticos dos bens arqueolóxicos.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X10	Coñecer a evolución histórica do concepto de ben cultural e dos criterios de conservación-restauración, e as principais institucións competentes na conservación do patrimonio.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X19	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
X20	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación e restauración.

CURSO ACADÉMICO 2023-2024

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE ARQUEOLOXÍA

EA5	Establecer un diálogo interdisciplinario con outros profesionais relacionados co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concernte ao patrimonio arqueolóxico.
EA11	Investigar o patrimonio cultural arqueolóxico desde o punto de vista histórico, das súas fontes documentais, da súa evolución material, funcional ou simbólica, así como a súa adecuación aos traballos de conservación-restauración de bens culturais. Coñecemento dos principais métodos e técnicas de investigación histórica aplicados á conservación-restauración de bens culturais.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA	
Estudar os bens culturais arqueolóxicos da antigüidade e da época postclásica dende tódolos puntos de vista: función, evolución, tipoloxía, etc.	
Coñecer a teoría, historiografía e metodoloxía da arqueoloxía postclásica, con especial fincapé na arqueoloxía medieval, industrial e da arquitectura.	
Coñecer dunha maneira preliminar disciplinas afíns como a epigrafía e a numismática.	
Comprender criticamente a ciencia da arqueoloxía no mundo contemporáneo, especialmente na súa relación coa sociedade, na súa práctica laboral, etc.	
Complementar os coñecementos sobre arqueoloxía recibidos en materias anteriores, especialmente no que se refire á aplicación práctica dos coñecementos, á súa utilidade no mundo profesional e á capacidade investigadora do alumnado.	

UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidade	Subtemas	% da materia
1. A protohistoria: o final da idade do bronce e a idade do ferro.	1. A idade do bronce heládica. A idade do bronce en Centroeuropa. A “idea dos celtas” e os debates sobre a transición á idade do ferro. 2. A idade do ferro na península ibérica. Fenicios e tartésicos. Iberia, Celtiberia, Gallaecia e outras comunidades.	35%
2. Arqueoloxía clásica do mundo romano.	1. Introducción á arqueoloxía clásica. 2. A cerámica prerromana e romana. 3. A construción romana. 4. Nocións básicas de epigrafía e numismática.	35%
3. Arqueoloxía medieval.	1. Novas e vellas tendencias en arqueoloxía medieval. 2. As dificultades da arqueoloxía tardoantiga / altomedieval. 3. Cerámica medieval. 4. Arqueoloxía da fortificación medieval.	20%
4. Outras tendencias na arqueoloxía contemporánea.	1. Aproximación á teoría e historiografía arqueolóxicas. 2. Arqueoloxía da paisaxe, arqueoloxía da arquitectura, arqueoloxía industrial, arqueoloxía do mundo contemporáneo...	10%

A porcentaxe de reparto das unidades didácticas no total da materia é aproximada (depende da evolución das clases e das actividades non programadas durante o curso). Algúns subtemas poderán ser suprimidos ou substituídos dependendo dos intereses particulares do alumnado.

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral: exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, aportando bases teóricas e/ou directrices de traballo.	44		44
Traballo de estudo e preparación de avaliacións.		26	26
Estudo, documentación e redacción de traballos (lecturas, recensións, traballo final, etc.). Visitas de estudos.	10	20	30
Total	54	46	100

A planificación docente por horas é aproximada. Por exemplo, o número de horas de presentacións dependerá do número de alumnos/as que opten polo sistema de avaliación continua.

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor das bases teóricas da materia, sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as presentacións orais e outras ferramentas: presentacións vistas na aula (moodle), literatura científica e titorías didácticas. Poderán ser acompañadas de talleres de arqueoloxía experimental, debates, saídas de campo e outras actividades.

Traballos titorizados	<p>Realización de dous traballos individuais sobre patrimonio arqueolóxico, de tema escollido polo alumnado coa orientación e ferramentas proporcionadas polo profesor.</p> <p>O primeiro será unha presentación oral de tema libre, dentro dos límites marcados polo temario da materia, ou, alternativamente, poderá tratar dun tema relacionado coa preparación previa do TFE. A data de presentación será establecida a principio de curso.</p> <p>O segundo traballo, a entregar por escrito, será escollido entre as seguintes posibilidades:</p> <ul style="list-style-type: none">- a planificación (non execución) dunha investigación sobre un tema relacionado co patrimonio arqueolóxico. Poderá optarse, de novo, por un tema relacionado co TFE.- unha recensión de bibliografía científica, proporcionada polo profesorado.- un traballo cooperativo cos talleres de conservación-restauración, para incrementar a calidade dos informes nos apartados históricos e tipolóxicos.- un traballo de difusión de información arqueolóxica en plataformas en rede (por exemplo, a wikipedia). <p>As directrices e metodoloxía deste segundo traballo serán indicados con máis detalle ó alumnado a medida que avance o curso, a través de moodle, nas sesións presenciais ou nas titorías docentes.</p>
-----------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Proba final escrita. A realizar en datas próximas ó final do cuadrimestre.	Superación dos exercicios propostos.	55%
Traballo titorizado (oral)	Capacidade de síntese e claridade expositiva. Rigor metodolóxico, corrección formal, entrega dentro do prazo establecido.	25%
Traballo titorizado (escrito)	Comprensión e resolución da tarefa proposta. Capacidade de síntese e claridade expositiva. Rigor metodolóxico, corrección formal, entrega dentro do prazo establecido.	20%
Total		100 %
<p style="text-align: center;">OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • A asistencia é obrigatoria no sistema normal de avaliación (avaliación continua). Porén, o control de asistencia non implicará unha porcentaxe da avaliación e teranse en conta as posibles dificultades para xustificar faltas de asistencia por motivos de saúde. • Sexa cal sexa a asistencia, o alumnado sempre ten dereito a un sistema de avaliación mediante exame final ordinario (e extraordinario, en última instancia). • Na avaliación continua, avaliarase de forma positiva o progreso do proceso de aprendizaxe. A cualificación da materia resultará da suma das cualificacións acadadas nas diferentes probas e exercicios, pero terase en conta a mellora experimentada ó longo do curso. Este factor non poderá ser tido en conta noutros tipos de sistemas de avaliación (ordinaria / extraordinaria). • A perda do dereito a avaliación continua supón a realización dunha proba escrita en convocatoria ordinaria da que resultará a cualificación total acadada na materia. En convocatoria extraordinaria avaliarase mediante a realización dunha proba escrita da que resultará a cualificación total acadada na materia. Porén, dada a importancia didáctica do traballo titorizado, o alumnado poderá presentar tamén o traballo titorizado na avaliación ordinaria e na extraordinaria, coas mesmas porcentaxes na avaliación. Neste suposto, a presentación oral soamente será tida en conta se foi posible presentala ante o resto do alumnado ó longo do curso. <p style="text-align: center;">PROCEDEMENTO ADICIONAL PARA A CONVOCATORIA ORDINARIA</p> <p>Proponse un procedemento de avaliación adicional para o alumnado que non poida asistir ás sesións presenciais pero que poida demostrar importantes competencias previamente adquiridas no campo de estudo da materia. É dicir, é un procedemento especialmente adaptado para o alumnado que estea a realizar o “plan de adaptación” para a mesma especialidade (é dicir, alumnado que teña cursado os estudos equivalentes a diplomatura en conservación e restauración de arqueoloxía). Porén, todo o alumnado podería acollerse a este procedemento adicional se pode demostrar ter traballado en proxectos arqueolóxicos con anterioridade.</p> <p>Nestes casos, a valoración dos diferentes elementos de avaliación será a seguinte: presentación oral do traballo (35%), presentación escrita do traballo (35%), proba final escrita (30%). Para estas presentacións orais e escritas o alumnado deberá presentar resultados prácticos derivados de actividades arqueolóxicas coñecidas de primeira</p>		

man (formando parte destas actividades como equipo técnico ou incluso en labores de dirección) ou outro tipo de traballos que constitúan realmente unha aportación científica ó coñecemento da materia. Por exemplo, suxírese que o alumnado do plan de adaptación empregue as súas actividades profesionais e/ou de investigación relacionadas co ámbito da conservación arqueolóxica, de maneira que poidan compartir a súa experiencia co alumnado habitual. Esta metodoloxía de avaliación adicional é, por tanto, moito máis esixente no tipo e calidade dos traballos que a convocatoria de avaliación continua e, por iso, non pode aplicarse ó alumnado que non teña experiencia laboral ou científica demostrada en actividades arqueolóxicas.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías docentes desenvolveranse no horario específico establecido para esta finalidade. Aínda que o horario poderá ser ampliado dependendo das demandas do alumnado. Usarase a plataforma Moodle para deixar material didáctico para o alumnado, para formalizar a entrega de traballos e para outros usos relacionados coa materia. O uso desta plataforma é obrigatorio para o alumnado.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

BRONCE FINAL, IDADE DO FERRO E ARQUEOLOXÍA CLÁSICA

- Ruiz-Gálvez Priego, M. 1998. *La Europa atlántica en la edad del bronce. Un viaje a las raíces de la Europa occidental*. Barcelona, Crítica.
- Aubet, M. A. 2009. *Tiro y las colonias fenicias de Occidente*. Bellaterra, Barcelona (3ª ed. actualizada e ampliada).
- González García, F. J. 2007. *Los pueblos de la Galicia céltica*. Madrid, Akal.
- Guiral, C. Zarzalejos, M. e San Nicolás, M. P. *Arqueología II. Arqueología de Roma*. Madrid, UNED.
- Adam, J.-P. 1996. *La construcción romana: materiales y técnicas*. León, Editorial de los Oficios.

ARQUEOLOXÍA MEDIEVAL

- Barceló, M. et al. 1988. *Arqueología medieval. En las afueras del "medievalismo"*. Barcelona, Crítica.
- Izquierdo Benito, R. 2008. *La cultura material en la Edad Media. Perspectiva desde la arqueología*. Granada, Universidad.
- Izquierdo Benito, R. *La Arqueología medieval en España: antecedentes y estado actual*. Disponible na rede en http://www.ujen.es/revista/arqytm/PDF/R1/R1_10_IzBenito.pdf
- Quirós Castillo, J. A. e Bengoetxea Rementería, B. 2010. *Arqueología (III): (arqueología medieval y posmedieval)*. Madrid, UNED.

OUTRAS TENDENCIAS

- Mañana Borrazás, P. et alii. 2002. *Arqueotectura 1: bases teórico metodológicas para una arqueología de la arquitectura*. Santiago, LPPP-USC. Disponible na rede en <http://digital.csic.es/bitstream/10261/6027/1/TAPA25.pdf>
- “Plan Nacional del Patrimonio Industrial”. Páxina en rede: <http://www.culturaydeporte.gob.es/planes-nacionales/planes-nacionales/patrimonio-industrial.html>
- Serrano Pozuelo, R. M. 2012-2013. “Arqueología de la arquitectura. Nacimiento y desarrollo en

España”, *Arqueoweb. Revista sobre arqueología en internet*, 14: 119-148.

- VV. AA. 2011. *Arqueología aplicada al estudio e interpretación de edificios históricos. Últimas tendencias metodológicas*. Madrid, Ministerio de Cultura. Disponible en rede en <https://es.calameo.com/read/000075335b34985f34eff>
- VV. AA. 2016. *Atlas arqueolóxico da paisaxe galega*. Vigo, Xerais.

LIGAZÓNS EN REDE

- [European Association of Archacologists - www.e-a-a.org/](http://www.e-a-a.org/)

OBSERVACIÓNS

A biblioteca da ESCRBCG conta con abondoso material bibliográfico específico sobre os contidos da materia.